

	<p align="center">IES MARÍA CASARES. Departamento de LINGUA GALEGA E LITERATURA</p> <p align="center">MATERIA: Portugués lingua estranxeira PROFESOR: Henrique González Martínez</p>	<p align="center">2 ESO</p> <p align="center">2023-2024</p>
--	---	---

	CONTIDOS A DESENVOLVER
1ª AVALIACIÓN	<p>B.1 Comprensión de mensaxes orais: recursos, contexto, inferencias e referencias. Memorización de expresións orais breves</p> <p>B.2 Producción oral. Adecuación, expresión, reformulacións, recursos lingüísticos e paralingüísticos. Rutinas elementais de interacción.</p> <p>B.3 Comprensión de textos escritos. Sentido xeral, información concreta, puntos principais. Hipóteses sobre o significado. Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos.</p> <p>B.4 Producción de textos escritos. Planificación e recursos, borrador, revisión.</p> <p>B.5 Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. Sons, fonemas vocálicos e consonánticos cos seus agrupamentos. Patróns gráficos, ortografía, puntuación.</p> <p>B.5 Modelos culturais e sociolingüísticos. Cortesía na interacción. Hábitos, horarios, celebracións, modos de vida, comida, lecer. Relacións entre linguas: similitudes e diferenzas.</p> <p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: os sons [o]/[ɔ],[z]/[s], [ʃ]/[ʒ]</p> <p>Patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra e da oración.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Portugal e os países lusófonos (capitais, monumentos, bandeiras, festas...)</p> <p>Funcións comunicativas: Descubrir situacións da vida da clase, coñecer persoas e falar dos seus gustos.</p> <p>Léxico oral e escrito básico de uso común relativo á aprendizaxe e á descrición de persoas.</p> <p>Estruturas sintáctico-discursivas: presente dos verbos regulares e algúns irregulares, preposicións de lugar, fórmulas interrogativas e a negación.</p>
	CONTIDOS A DESENVOLVER
2ª AVALIACIÓN	<p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de acentuación: as dúas pronuncias da grafía e.</p> <p>Patróns gráficos e convencións ortográficas: utilización axeitada da ortografía.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: a vida no futuro e o lugar onde vivir.</p> <p>Funcións comunicativas: explicar e falar dos seus proxectos, do futuro profesional; defender e criticar un proxecto; comparar elementos.</p> <p>Léxico oral e escrito: a cidade; as profesións; o aloxamento. Estruturas sintáctico-discursivas: a expresión do futuro, da finalidade e da necesidade (é preciso...); os comparativos e superlativos.</p>
	CONTIDOS A DESENVOLVER
3ª AVALIACIÓN	<p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de acentuación: os sons [ɔ]/[o]</p> <p>Patróns gráficos e convencións ortográficas: utilización axeitada da ortografía.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: internet.</p> <p>Plurilingüismo: participación en proxectos de elaboración de carteis, folletos, planos... nos que se utilicen varias linguas.</p> <p>Funcións comunicativas: a petición escrita; expresión de opinións, sentimentos; comprender e redactar un regulamento.</p> <p>Léxico oral e escrito: internet; os sentimentos.</p> <p>Estruturas sintáctico-discursivas: o pretérito perfecto simple de algúns verbos irregulares; os pronomes indefinidos; expresión da frecuencia.</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e orais: comprensión oral e expresión oral (20% para cada faceta); comprensión escrita e expresión escrita (25% para cada faceta); aspectos socioculturais (10%)	100%
TOTAL DE AVALIACIÓN	100%
NOTA MEDIA ORDINARIA CURSO	
Media ponderada: $NOTA\ 1^a\ AV + 2(NOTA\ 2^a\ AV) + 3(NOTA\ 3^a\ AV) / 6 = NOTA\ MEDIA\ XUÑO$	

OBSERVACIÓNS: Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5. A partir do cinco a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5,6 = 6.

PROBA EXTRAORDINARIA

Coincidindo co final de curso procederase a convocar unha proba extraordinaria para aquel alumnado que non tiver superado a materia na convocatoria ordinaria. Para acadar un aprobado nesta proba é preciso obter un 5 ou un valor maior e así superar a materia.

OBSERVACIÓNS:

De non se poder presentar a calquera proba de avaliación programada, o alumno estará obrigado a presentar unha xustificación oficial alén da realizada polos seus titores.